

## PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA ALUMNADO CON DISCAPACIDADE E/OU NECESIDADES ESPECIAIS NAS PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE ORGANIZADAS POLA COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

### 1. Destinatarios

Poderá solicitar a aplicación deste procedemento o *alumnado con discapacidade e/ou con necesidades educativas especiais* matriculado na Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade no Sistema Universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para a realización da mesma. As solicitudes deberán facerse unicamente a través do centro no que o estudante realizase os estudos de Bacharelato ou equivalentes.

### 2. Acceso aos estudos universitarios

O presente procedemento de actuación para a Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade enmárcase xuridicamente na aplicación do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao (BOE de 7 de xuño), na Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016-2017, así como na Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG 4 de abril) e que sinalan que o acceso á universidade española, desde calquera dos supostos a que se refiren os anteditos Real Decreto e Ordes, levarase a cabo con pleno respecto aos dereitos fundamentais e aos principios de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo teranse en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, segundo o establecido na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (texto refundido no RD 1/2013, de 29 de novembro).

O Real Decreto 412/2014 especificamente determina as seguintes actuacións:

*Artigo 5. Principios xerais de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao.*

- 1. A admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao levarase a cabo con respecto aos principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade.*
- 2. Todos os procedementos de admisión á Universidade deberán realizarse en condicións de accesibilidade para os estudantes con discapacidade e en xeral con necesidades educativas especiais. As Administracións educativas determinarán as medidas necesarias que garantan o acceso e admisión destes estudantes ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao en condicións de igualdade. Estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, a elaboración de modelos especiais de exame e a posta a disposición do estudante dos medios materiais e humanos, das asistencias e apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das avaliacións e probas que establezan as Universidades, así como na garantía de accesibilidade da*

*información e a comunicación dos procedementos e a do recinto ou espazo físico onde estes se desenvolvan. A determinación de ditas medidas farase no seu caso en base ás adaptacións curriculares que se lle aplicaron ao estudante na etapa educativa anterior, para cuxo coñecemento as Administracións educativas e os centros docentes deberán prestar colaboración.*

A Orde MDC/1941/2016, de 22 de decembro (BOE nº 309, de 23 de decembro) establece:

**Artigo 4. Características e deseño das probas.**

*Consonte ao artigo 24.4 do dito Real Decreto 310/2016, velarase pola adopción das medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.*

Pola súa banda, a Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG 4 de abril) establece:

**Artigo 16º.-Estudantes con discapacidade.**

1. *A CiUG garantirá que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar os exercicios da Proba de Acceso á Universidade nas debidas condicións de igualdade. A CiUG poderá adoptar as seguintes medidas: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e do recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.*
2. *En todo caso, a determinación destas medidas farase baseándose nas adaptacións curriculares cursadas no Bacharelato.*
3. *O tribunal poderá requirir informes e a colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración educativa, así como dos centros onde cursasen Bacharelato os estudantes con discapacidade.*

**3. Solicitudes e Documentación necesaria**

As solicitudes, segundo o modelo establecido (Anexo I), deberán facerse a través dos Departamentos de Orientación dos centros de Educación Secundaria nos que o alumnado cursase os estudos de Bacharelato. Xustificarán a solicitude mediante o correspondente informe, que deberá estar avalado pola Dirección do centro e que incluirá:

1. Os datos do estudante e do centro.
2. Unha descrición das características da súa discapacidade e/ou necesidades educativas, debidamente documentadas con certificado de discapacidade, emitido polo órgano oficial competente, ou informe psicopedagóxico ou médico con diagnóstico recente que

xustifique algunha necesidade educativa especial derivada da discapacidade, que requira algún tipo de adaptación.

3. Un informe do Departamento de Orientación con descrición detallada das adaptacións curriculares coas que cursou o Bacharelato, así como do período de aplicación das mesmas.
4. Unha proposta sobre as medidas que o Departamento de Orientación considera máis adecuadas para que poida realizar a proba de acceso en condicións de igualdade e anonimato.

3

Xunto coas **solicitudes** deberán achegarse os seguintes documentos:

- Autorización do interesado ou, no seu caso, dos pais ou titores legais (Anexo II)
- Certificado que acredite discapacidade superior ao 33 % ou calquera outro grao de discapacidade recoñecida.
- Informe médico ou psicolóxico que acredite a circunstancia da que se deriven necesidades especiais durante a realización da proba.

As solicitudes, segundo o **modelo** establecido (Anexo I) debidamente cumprimentadas e asinadas pola Dirección do Centro e o Orientador ou Orientadora do mesmo, deberán enviarse por correo electrónico ou Fax, con asunto “**Adaptación Proba Acceso – Nome do Centro**”, ao correo electrónico da CiUG ( [ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal) ) ou ao fax nº **881 814 789**.

#### 4.- Prazo de solicitudes

Co fin de que a CiUG poida levar a cabo as medidas que se determinen, o **prazo de envío e recepción de solicitudes** coincidirá, en cada convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), coas **datas** sinaladas no calendario oficial para a “**Prematrícula na proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade**” a realizar polos alumnos no seu respectivo centro.

#### 5.- Pautas xerais para as adaptacións

A CiUG establecerá o tipo de adaptación de acordo coa documentación presentada coas solicitudes. Dependendo da natureza da adaptación necesaria e tendo en conta que os exames son os mesmos para todo o alumnado, a CiUG poderá adoptar as seguintes medidas:

- a) Accesibilidade á información e comunicación dos procesos e do recinto ou espazo físico onde se desenvolva a proba.
- b) Ubicación nun lugar específico do aula ou nun espazo específico
- c) Adaptar os tempos para a realización dos exames (tempo adicional).
- d) No caso de que se considere oportuno e á vista da adaptación, lerlle as preguntas, asegurando que escoitou e comprendeu o que se lle pide.

- e) No caso de que se considere oportuno e á vista da adaptación, sinalar claramente a orde que debe seguir para contestar as preguntas, recordándolle que comece polas máis importantes ou as que mellor saiba e deixe para o final as que teñan maior dificultade.
- f) De ser necesario e á vista da discapacidade e/ou necesidade educativa, poñer á súa disposición os medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba.
- g) Particularmente, contemplaranse medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

A CiUG poderá adoptar outras medidas atendendo á documentación aportada.

As decisións adoptadas pola CiUG ao respecto serán remitidas por correo electrónico exclusivamente ao centro de Bacharelato ou equivalente correspondente.

#### 6.- Lugar de realización das probas

Dependendo do número e tipo de solicitudes, así como da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con necesidades especiais levaranse a cabo, única e exclusivamente, en:

- **Comisión Delegada 25:** no Centro de ensino **C.R.E. Santiago Apóstol-ONCE** (Rúa Luis Braille, nº 40 – 36003 Pontevedra).
- **Comisión Delegada 25 – Auxiliar:** na **Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela** (Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n. Campus Vida 15782 Santiago)

**Para poder dispor das medidas indicadas** neste procedemento, o estudante **deberá acudir obrigatoriamente**, segundo se lle indique na comunicación enviada ao centro, á sede da **Comisión Delegada 25** ou da **Comisión Delegada 25 - Auxiliar**.

.....